

Festival de Poesia no Condado

Vall d'Uixó



Edita: S.C.D. CONDADO
Salvaterra de Miño

Imprime:
GRAFISMAR, S. L.
Chapela-Redondela



Margarita Ledo Andion

Luguesa. Estudou Filosofia e Letras en Santiago e periodismo en Barcelona. Foi directora na primeira etapa da "Nosa Terra". Escribe tamén poesia dende o ano 1970, que apareceou **Parolar cun eu, cun intre, cun inseuto.** En 1973 publicou **O Corvo érguese cedo.** Anteriormente escribira **Un pouco de leite callado** , que non chegou sair por razóns de censura. Nos últimos tempos tense salientado tamén como unha das nosas mellores narradoras

A SANTIÑA,TOMESE-BEBIDO-VARIAS VECES AO DIA

Deixaron os capotes en vango
vese que teñen presa
vese que teñen moita presa
o corpo está quente aĩnda
aĩnda move os brazos, o pescozo, a calúga
sepáranlle as pernas
o cabelo recollido nunha occa
e os bigudís
penachos de diante
pra que cala como en onda
como naturais
núa de todo
coa boca fai unha carantoña obscena
que respira fiuncho do ar
ou é que ven da mesiña de noite.

Servira
en copa de talla
até o ras
o licor seu
co que se envelenou
parés que quixeron decir os homes do capote en vango.

Uliron
ulírona toda
xema no auga mesto da copa.